

NORMATIVA EN MATERIA DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS de GALICIA



GUÍA EXPLICATIVA



**NORMATIVA EN MATERIA DE
ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E
ACTIVIDADES RECREATIVAS**

de GALICIA

GUÍA EXPLICATIVA



Edita:

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

Autores:

[Ana P. Otero Ferreiro](#)

Subdirectora xeral de Xogo e Espectáculos Públicos

[Sergio Domingo Baamonde Boquete](#)

Xefe do Servizo de Espectáculos e Desenvolvemento Normativo

Deseño e maquetación:

[SERVIDEAS SLL](#)

Depósito Legal: C839-2023

ISBN: 978-84-453-5451-3

2023 - Santiago de Compostela

ÍNDICE

	Páxina
1. NORMATIVA DE APLICACIÓN	9
2. ÁMBITO DE APLICACIÓN	10
3. DEFINICIÓNS	11
4. DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS	12
COMPETENCIAS AUTONÓMICAS	12
COMPETENCIAS MUNICIPAIS	12
5. DEREITOS E OBRIGAS DOS/DAS ARTISTAS, INTÉRPRETES OU EXECUTANTES	13
DEREITOS	13
OBRIGAS	13
6. DEREITOS E OBRIGAS DO PÚBLICO ASISTENTE	14
DEREITOS	14
OBRIGAS	14
7. DEREITOS E OBRIGAS DO TITULAR E DO/A ORGANIZADOR/A	15
DEREITOS	15
OBRIGAS	15
8. RÉXIME DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA. A DECLARACIÓN RESPONSABLE E A LICENZA	17
A DECLARACIÓN RESPONSABLE	17
Datos que deben constar na declaración responsable	17
Documentación que se debe achegar coa declaración responsable con carácter xeral	17
Definicións	18
Documentación que se debe achegar coa declaración responsable no caso de existir estruturas non permanentes desmontables	19
Habilitación da declaración responsable	19
Prazo de presentación da declaración responsable	19
A LICENZA OU AUTORIZACIÓN	19
Supostos de licenza ou autorización autonómica	19
Supostos de exención	20
9. RÉXIME DE HORARIOS	21
DEFINICIÓNS	21

	Páxina
APLICACIÓN	21
RÉXIME XERAL	21
TEMPO DE DESALOXO	22
AMPLIACIÓNS DE HORARIOS	22
REDUCIÓNS DE HORARIOS	22
RÉXIME ESPECIAL DE HORARIOS ACTIVIDADES DE RESTAURACIÓN	22
RÉXIME ESPECIAL DE HORARIOS ESTABLECEMENTOS	23
10. COMO CALCULAR A CAPACIDADE	25
11. PLANS DE AUTOPROTECCIÓN	25
12. ASISTENCIA SANITARIA	26
ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO	26
ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO	26
ACTIVIDADES EN RECINTOS OU ESPAZOS NON DELIMITADOS	26
13. DISPOSITIVOS DE VIXILANCIA	27
VIXILANTES DE SEGURIDADE	27
VÍAS DE CIRCULACIÓN EN ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO	27
14. ASEOS EN ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO	28
15. RÉXIME XURÍDICO DAS PERSOAS MENORES DE IDADE	29
PROHIBICIÓNS	29
16. DEREITO DE ADMISIÓN	31
LÍMITES	31
COMUNICACIÓN DO DEREITO DE ADMISIÓN	31
O DEREITO DE ADMISIÓN E AS PERSOAS MENORES DE IDADE	31
17. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL	32
PERSOAS OBRIGADAS A DISPOR DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL (RC)	32
CAPTAIS MÍNIMOS ASEGURABLES	33
ACREDITACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL	33
18. ENTRADAS E ABONOS	34
LÍMITES A LIBERDADE PARA DETERMINAR O PREZO DAS ENTRADAS OU ABONOS	34

ÍNDICE

	Páxina
CONDICIÓNS DE VENDA DAS ENTRADAS E ABONOS	34
CANCELACIÓNS E REEMBOLSOS	34
19. INSTALACIÓNS PORTÁTILES OU DESMONTABLES	35
CONDICIÓNS QUE SE DEBEN CUMPLIR	35
ATRACCIÓNS ITINERANTES DE FEIRA	36
Documentación necesaria	36
Requisitos técnicos	37
Comprobación e inspección das atraccións	37
20. REXISTRO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS	39
OBJECTO DE INSCRICIÓN	39
PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN	39
21. ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO	41
DEFINICIÓN	41
LÍMITES	41
22. ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN EN MÁIS DUN TERMO MUNICIPAL	42
ÁMBITO DE APLICACIÓN	42
EXCLUSIÓNS	42
ÓRGANOS COMPETENTES	42
DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DE EVENTOS DE CARÁCTER NON COMPETITIVO	42
DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DE EVENTOS DE CARÁCTER COMPETITIVO.....	43
23. ANEXO I: TIPOLOXÍAS DO CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS DE GALICIA E RÉXIME DE HORARIOS	44
I. ESPECTÁCULOS PÚBLICOS	44
II. ACTIVIDADES RECREATIVAS	44
III. ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO	44





1. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG num. 1, martes, 2 de xaneiro de 2018) - LEPARGA
- Decreto 82/2018, do 2 de agosto, polo que se regula a Comisión de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (DOG num. 160, xoves, 23 de agosto de 2018)
- Decreto 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia (DOG num. 195, luns, 14 de outubro de 2019)
- Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (DOG num. 219, venres, 30 de outubro de 2020)
- Decreto 98/2020, do 2 de xullo, polo que se regula o procedemento de autorización da celebración de espectáculos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG num. 139, martes, 14 de xullo de 2020)
- Decreto 48/2021, do 11 de marzo, polo que se regula a actividade de control de acceso aos espectáculos públicos e actividades recreativas, así como aos establecementos ou espazos abertos ao público en que se realicen (DOG num. 56, mércores, 24 de marzo de 2021)
- Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos (DOG num. 13, xoves, 19 de xaneiro de 2023)



2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

› Artigo 2 da LEPARGA

A LEPARGA e a súa normativa de desenvolvemento, aplícanse a todo tipo de espectáculos públicos e de actividades recreativas, sempre que se desenvolvan en establecementos ou espazos abertos ao público localizados integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os establecementos abertos ao público, así como os espectáculos públicos e as actividades recreativas aos que se lle aplica esta normativa, son aqueles que aparecen recollidos no Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante Catálogo) que se atopa no Anexo do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

EXCLUSIÓN

- a) Actos e celebracións de carácter privado ou familiar que non teñan lugar en establecementos abertos ao público
- b) Actividades efectuadas en exercicio dos dereitos de reunión e manifestación





3. DEFINICIÓNS

› Artigo 3 da LEPARGA

Espectáculos públicos: as representacións, exhibicións, actuacións, proxeccións, competición ou audicións de concorrencia pública de carácter artístico, cultural, deportivo ou análogo.

Actividades recreativas: aquelas que ofrecen ao público, persoas espectadoras ou participantes actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou lecer.

Establecementos abertos ao público: locais, instalacións ou recintos dedicados a levar a cabo neles espectáculos públicos ou actividades recreativas. Poden ser dos seguintes tipos:

- Locais cerrados, permanentes non desmontables cubertos total ou parcialmente.
- Locais non permanentes desmontables, cubertos total ou parcialmente, ou instalacións fixas portátiles ou desmontables pechadas.
- Recintos que unen varios locais ou instalacións, constituídos en complexos ou infraestruturas de ocio.

Espazos abertos ao público: lugares de titularidade pública, incluída a vía pública, onde ocasionalmente se levan a cabo espectáculos públicos ou actividades recreativas e que non dispoñen de infraestruturas nin instalacións fixas para facelo.

4. DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS

COMPETENCIAS AUTONÓMICAS

› Artigo 4 LEPARGA

- Autorizar a celebración dos espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal.
- Autorizar a celebración de espectáculos e festexos taurinos.
- Exercer as función de inspección, control e sanción dos espectáculos públicos e actividades recreativas que lles corresponda autorizar.
- Outras competencias previstas no artigo 4 da LEPARGA.

COMPETENCIAS MUNICIPAIS

› Artigo 5 LEPARGA

- Recibir e comprobar as declaracións responsables, así como outorgar as licenzas, en relación cos espectáculos públicos e as actividades recreativas que se desenvolvan no termo municipal correspondente e en relación coa apertura dos establecementos abertos ao público.
- Exercer as funcións de inspección, control e sanción dos espectáculos públicos e actividades recreativas que sexan da súa competencia.
- Outras competencias previstas no artigo 5 da LEPARGA.




5. DEREITOS E OBRIGAS DOS/DAS ARTISTAS, INTÉRPRETES OU EXECUTANTES

› Artigo 22 LEPARGA

DEREITOS

- Ser tratados con respecto.
- Recibir a protección necesaria para desenvolver a súa actividade.
- Actuar, agás por causa lexítima acreditada ou por razóns de forza maior ou de caso fortuíto debidamente xustificadas.



OBRIGAS

- Gardar respecto ao público.
- Actuar, agás por causa lexítima acreditada ou por razóns de forza maior ou caso fortuíto debidamente xustificadas.
- Evitar comportamentos que poidan poñer en perigo a seguridade do público asistente ou a indemnidade dos bens.

Causa lexítima – A carencia ou insuficiencia das medidas de seguridade e de hixiene requiridas, certificadas por un informe de técnico/a competente na materia.

(Ver a definición de técnico/a competente do Decreto 226/2022, do 22 de decembro)

Caso fortuíto e forza maior – O primeiro dos termos fai referencia a aqueles feitos que non puideron preverse, ou que previstos fosen inevitables. No suposto da forza maior, a xeración da dita circunstancia imprevisible ou inevitable, supón unha alteración das condicións dunha obriga.



6. DEREITOS E OBRIGAS DO PÚBLICO ASISTENTE

› Artigo 21 LEPARGA

DEREITOS

- A que o espectáculo ou a actividade se desenvolva, se ofrezca e se reciba nas condicións en que foi anunciado, agás por causa lexítima acreditada, ou por razóns de forza maior ou de caso fortuíto debidamente xustificadas.
- A que se lle faciliten follas de reclamación.
- A recibir un trato respectuoso e non discriminatorio nin sexista.
- A ser admitido nas mesmas condicións obxectivas que calquera outra persoa.
- A que a empresa respecte os termos contractuais derivados da adquisición da correspondente entrada.
- A que a publicidade respecte os principios recollidos na normativa en materia de espectáculos públicos (art. 20 LEPARGA)

OBRIGAS

- Ocupar as súas localidades e permanecer nas zonas que se lle indique, sen invadir espazos destinados a outros fins.
- Cumprir os requisitos e as condicións de seguridade que se establezan para que o evento se desenvolva con normalidade.
- Non levar armas ou obxectos que podan ser usados como tales, así como non exhibir símbolos, roupa ou obxectos que inciten á violencia, poidan ser constitutivos dalgún dos delitos de apoloxía ou inciten a realizar actividades contrarias aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas recoñecidos pola Constitución.
- Respetar os/as artistas e demais persoal técnico.
- Cumprir as normas reguladoras da subministración e consumo de tabacos e bebidas alcohólicas e as que establecen idades mínima de acceso.
- Cumprir os requisitos e as normas de acceso e admisión.
- Respetar o horario.
- Evitar accións que poidan xerar situacións de perigo ou incomodidade.
- Adoptar unha conduta, á entrada e saída, que garanta a convivencia entre a cidadanía, non perturbe o descanso dos veciños e non dane o mobiliario urbano.



7. DEREITOS E OBRIGAS DO TITULAR E DO/A ORGANIZADOR/A

› Artigo 23 LEPARGA

DEREITOS


- A que o evento se desenvolva de conformidade co disposto na correspondente autorización, declaración responsable ou licenza, agás causa lexítima acreditada ou forza maior ou caso fortuíto que o impida.
- A fixar os prezos que considere pertinente.
- A adoptar as medidas que considere pertinentes para garantir o funcionamento do establecemento, do espectáculo ou da actividade en condicións de seguridade e calidade.
- A recibir o apoio das forzas e corpos de seguridade para garantir a orde no exterior e interior do establecemento ou do espazo.

OBRIGAS

- Levar a cabo o evento de acordo co anunciado e nas condicións ofrecidas, agás causa lexítima acreditada, forza maior ou caso fortuíto.
- Informar con antelación das variacións da orde, da data ou do contido do evento.
- Devolver ao público o importe aboadado no suposto de suspensión ou modificación substancial do evento.
- Realizar os controis técnicos obrigatorios e adoptar as medidas de seguridade, hixiene e salubridade establecidas.



- Permitir a entrada do público sen prexuízo do dereito de admisión.
- Respetar a capacidade máxima e absterse de vender entradas e abonos nun número superior.
- Non cobrar polas entradas un prezo superior ao anunciado e comunicar ou denunciar a súa revenda.
- Cumprir os horarios.
- Establecer os servizos de vixilancia e seguridade cando sexan obrigatorios.
- Cumprir a normativa en materia de control de acceso.
- Informar o persoal de control de acceso e ao persoal de seguridade das obrigas que lles atribúe a normativa.
- Velar pola adecuada conservación dos espazos e cumprir a normativa en materia de protección do medio ambiente.
- Comunicar ás administracións competentes as modificacións non substanciais.
- Facilitar o acceso ás forzas e corpos de seguridade, aos servizos de protección civil, aos servizos de sanidade, aos axentes da autoridade e ao persoal funcionario, así como ás ECCOM.
- Permitir e facilitar as inspeccións que acorden as autoridades e realizar as inspeccións periódicas que sexan obrigatorias.
- Ter á disposición dos axentes da autoridade e dos servizos da inspección toda a documentación exixida.
- Cumprir a normativa vixente en materia de accesibilidade, seguridade e prevención de riscos laborais e propiedade intelectual.
- Colocar nun lugar visible a información ao público (artigo 19 LEPARGA).
- Responder dos danos e perdas que se poidan producir como consecuencia das características do establecemento ou do evento, e manter vixentes as pólizas dos seguros exixidos pola propia LEPARGA (artigo 8 LEPARGA).



8. RÉXIME DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA. A DECLARACIÓN RESPONSABLE E A LICENZA

› Disposición derradeira primeira da LEPARGA que modifica a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (en diante, Lei do emprendemento)

Réxime xeral – Declaración responsable

Excepción – Licenza ou autorización

A DECLARACIÓN RESPONSABLE

A declaración responsable é o réxime xeral para a apertura dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos e actividades recreativas e para a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Datos que deben constar na declaración responsable

› Artigo 40.2.a) da Lei do emprendemento

- Identificación do solicitante.
- Tipo de establecemento ou descrición do espectáculo ou da actividade.
- Localización do establecemento ou espazo, a data prevista de apertura ou de inicio do evento.

- Sinatura do solicitante.
- Organismo ao que se dirixe.
- Declaración do solicitante de que cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa.

Documentación que se debe achegar coa declaración responsable con carácter xeral

› Artigo 40.2. b) da Lei do emprendemento

- Autorización, informe ou declaración ambiental que proceda, no caso de que sexa necesaria.
- Proxecto e documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio e o recibo de pagamento das primas correspondentes.
- Documento acreditativo da dispoñibilidade do establecemento ou espazo.
- Certificado da ECCOM no caso de que proceda.



- Documento asinado polo declarante de designación da persoa que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a correspondente certificación de adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos exhibibles.
- Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa de aplicación.

Definicións

› **Proxecto (artigo 40.2 b 2º da Lei do emprendemento)** – Conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente.

› **Técnico competente (artigo 3.3 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro)** – Todos aqueles que teñan a titulación e a cualificación necesaria, por razón da materia de que se trate e tamén o que estea en posesión de calquera das titulacións académicas e profesionais de grao superior habilitantes para a produción de espectáculos.

Nos supostos recollidos nos artigos 40.2.b) e 42.2 a) da Lei do emprendemento, a referencia á persoa técnica competente incluírá os profesionais mencionados no parágrafo anterior, sempre que o proxecto e a documentación técnica non incorpore referencias urbanísticas. No suposto de incorporar referencias urbanísticas, a persoa técnica competente será a que estea en posesión de calquera das titulacións académicas ou profesionais habilitantes para a redacción de proxectos consonte a normativa de aplicación á materia concreta de que se trate, así como para a subscripción de certificados segundo a normativa específica de aplicación, ou que, sen posuír as titulacións



académicas anteriores, acreditasen a cualificación profesional necesaria para subscribir certificacións consonte a normativa técnica que resulte aplicable.

Documentación que se debe achegar coa declaración responsable no caso de existir estruturas non permanentes desmontables

› **Artigo 40.2.c) da Lei do emprendemento**

É necesario achegar toda a documentación requirida no artigo 40.2 b) e a maiores a seguinte:

- O documento acreditativo da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.
- A marcación CE e a declaración CE de conformidade da instalación e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.

Asemade, cómpre ter en conta o disposto na Instrución 2/2018, do 26 de marzo, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión.

Habilitación da declaración responsable

A declaración responsable presentada cumprindo os requisitos especificados, habilita para o exercicio da actividade, para o desenvolvemento do espectáculo ou para a apertura do establecemento, desde a súa presentación, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que corresponde realizar á Administración competente.

A inexactitude, falsidade ou a omisión de calquera dato de carácter esencial que se incorpore na declaración responsable, así como a non presentación desta ou da documentación necesaria que debe achegarse,

determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade

Prazo de presentación da declaración responsable

Regra xeral: non existe prazo mínimo de presentación, pero debe ser sempre con anterioridade ao inicio da actividade.

Excepción: no caso de instalacións portátiles ou desmontables, debe presentarse no concello, cunha antelación de 2 días hábiles anteriores ao inicio da súa instalación ou montaxe.

A LICENZA OU AUTORIZACIÓN

Supostos de licenza ou autorización autonómica

› **Artigo 41 da Lei 9/2013**

- A apertura de establecementos cunha capacidade superior a 500 persoas ou que presenten especial situación de risco.
- A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública.
- A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario sempre que requiran plan de autoprotección ou plan ou estudo específico.
- A montaxe de instalacións sempre que deban dispoñer de plan de autoprotección ou plan ou estudo específico.
- A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal – (**autorización autonómica**).
- A celebración de espectáculos e festexos taurinos – (**autorización autonómica**).





- A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos cuxa normativa específica exixa licenzia ou autorización – (exemplo: establecementos de xogo).

Supostos de exención

› **Artigo 41 bis Lei 9/2013**

Quedan exentos de declaración responsable, licenza ou autorización autonómica os seguintes supostos:

- A apertura de establecementos que sexan de titularidade do propio concello.
- Os espectáculos públicos e as actividades recreativas organizadas polos concellos con motivo de festas e verbenas populares.
- Aqueles espectáculos públicos e actividades recreativas que establezan as ordenanzas municipais como exentos de declaración responsable [pola súa escasa entidade ou incidencia](#).

› **Artigo 9 do Decreto 124/2019, do 5 de setembro.**

[Para que o espectáculo ou a actividade poida ser considerado de escasa entidade ou incidencia](#) deben cumprirse, como mínimo, todos os seguintes requisitos:

- Que teña lugar en establecementos ou espazos de capacidade inferior a 75 persoas.
- Que se trate de actuacións realizadas ao vivo por artistas, que non requira escenario desmontable, nin camerinos, nin medidas especiais de seguridade e insonorización, diferentes ás que xa teña o establecemento ou o espazo e cuxo desenvolvemento non supoña modificación da actividade para que está habilitado.
- Que non afecte ás condicións técnicas, de seguridade e de illamento acústico xerais do establecemento ou espazo, nin sexa susceptible de producir unha alteración da seguridade e condicións de evacuación ou un aumento da capacidade que conste no título habilitante.
- Que non requira a montaxe de instalacións nin equipamento técnico extraordinario e diferente do que xa dispoña o establecemento.

9. RÉXIME DE HORARIOS

Orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo de do 23 outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas (en diante Orde de Horarios).

DEFINICIÓNS

Horario de apertura – Momento a partir do cal se permitirá o acceso ás persoas usuarias ao establecemento, ou ás persoas asistentes ao espectáculo público ou actividade recreativa.

Horario de peche – Momento a partir do cal non se permitirá o acceso de ningunha persoa como usuaria ou asistente, ao establecemento ou ao espectáculo e actividade, e non se ofrecerá nin servirá consumición ningunha. Deben quedar fóra de funcionamento a ambientación musical, as máquinas e demais aparellos de xogo, vídeo ou semellantes e os sinais luminosos e cesar as actuacións que se celebren.

APLICACIÓN

O réxime de horarios fixado nesta orde será de aplicación a todos os establecementos, espazos, espectáculos públicos e actividades recreativas que aparecen recollidas no Catálogo e na propia Orde de Horarios.

Será de aplicación ás instalacións eventuais, portátiles ou desmontables o mesmo réxime de horarios que o fixado para as instalacións permanentes, en función do espectáculo público ou actividade recreativa que se desenvolva nelas.



Entre o horario de peche e a apertura seguinte deberá transcorrer un período mínimo de 4 horas.

RÉXIME XERAL

Os establecementos de lecer nocturno **NON PODERÁN ABRIR** antes das 12:00 horas da mañá.

O resto de establecementos do Catálogo, así como os espectáculos públicos e as actividades recreativas, non poderán abrir antes das 6:00 horas da mañá.

O horario xeral de peche dos establecementos abertos ao público e o horario xeral de finalización dos espectáculos públicos e as actividades recreativas é o establecido no artigo 5 da Orde de Horarios.

Este horario ampliarase con carácter xeral, en media hora ás noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como ás noites das vésperas dos días festivos e ás propias noites dos días festivos.

TEMPO DE DESALOXO

Establecementos con capacidade de ata 500 persoas – máximo 30 minutos

Establecementos con capacidade desde 501 ata 2.999 persoas – máximo 45 minutos

Establecementos con capacidade desde 3.000 persoas ou máis – máximo 1 hora

AMPLIACIÓNS DE HORARIOS

Competencia – Concello

Máximo – 2 horas

As 2 horas contan desde a hora de peche establecida tendo en conta a media hora de ampliación de carácter xeral prevista no artigo 7.

Ámbito de aplicación – Todo o termo municipal ou zonas concretas

Supostos:

- Festas e verbenas populares
- Entroido
- Semana Santa
- Nadal
- Espectáculos musicais de especiais características

Entroido – desde o Xoves de Entroido ao Mércores de Cinza

Semana Santa – desde o Domingo de Ramos ata o Domingo de Resurrección

Nadal – desde o 22 de decembro ata o 6 de xaneiro

REDUCIÓNS DE HORARIOS

Competencia – Concello

Máximo – 2 horas

Ámbito de aplicación – Todo o termo municipal ou zonas concretas

Supostos:

- A localización en zonas ou áreas de alta concentración dese tipo de establecementos
- A localización en zonas ou áreas cualificadas e delimitadas como residenciais
- A localización en zonas ou áreas cualificadas e delimitadas como ambientais protexidas
- A localización en zonas ou áreas cualificadas e delimitadas como saturadas
- A localización en zonas ou áreas nas que a actividade impida o dereito ao descanso da veciñanza

RÉXIME ESPECIAL DE HORARIOS ACTIVIDADES DE RESTAURACIÓN

Supostos:

- Actividades de restauración situadas nas áreas de servizo das estradas, aeroportos, portos, estación de ferrocarril e estación de autobuses.
- Actividades de restauración situadas en establecementos de hospedaxe.
- Actividades de restauración situadas en polígonos industriais.
- Actividades de restauración situadas en centros sanitarios e tanatorios.

Horario:

O horario será, como máximo, o fixado para o establecemento onde se desenvolva a actividade. Unicamente poderán satisfacer as necesidades do persoal usuario dos

ditos establecementos e exclusivamente poderán ofrecer bebidas e alimentos para consumo inmediato. Non poderán dispoñer de espazos específicos para a celebración de bailes ou medios de reprodución de música.

RÉXIME ESPECIAL DE HORARIOS ESTABLECEMENTOS

- Municipios turísticos

Competencia: Concellos que teñan obtido a declaración de zona de grande afluencia turística para os efectos dos horarios comerciais

Máximo – ampliación dos horarios de peche en 2 horas

Establecementos – Restauración, ocio e entretemento

- Todos os municipios

Competencia: Concello

Máximo – ampliación en máis de 2 horas por períodos de tempo determinados e cando concorran circunstancias excepcionais

Establecementos – Museos e bibliotecas

- Todos os municipios

Competencia – Concello

Máximo – ampliación en máis de 2 horas cando concorran circunstancias excepcionais

Establecementos para actividades deportivas





10. COMO CALCULAR A CAPACIDADE

Artigo 7 Decreto 124/2019, do 5 de setembro.

A capacidade dos establecementos abertos ao público será o número máximo de persoas, calculado de conformidade co establecido no Código Técnico da Edificación ou norma básica que o substitúa, respecto da evacuación de ocupantes e a seguridade en caso de incendio ou outras situacións de risco.

A capacidade dos espazos abertos ao público será o número máximo de persoas que teñen cabida no dito espazo aplicando a fórmula de 2 persoas por cada metro cadrado de espazo computable.

11. PLANS DE AUTOPROTECCIÓN

Decreto 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas.

Cando se requiren plans de autoprotección?

En espazos pechados:

- edificios pechados permanentes non desmontables cubertos total ou parcialmente, cunha cabida ou capacidade igual ou superior a 1.000 persoas ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 metros
- instalacións ou locais pechados desmontables ou de tempada, cubertos total ou parcialmente, cunha cabida ou capacidade superior a 1.500 persoas
- outras actividades en espazos delimitados cun número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 5.000 persoas

En espazos non delimitados:

- actividades cun número de asistentes e participantes previstos igual ou superior a 10.000 persoas



12. ASISTENCIA SANITARIA

› **Artigo 12 – Decreto 226/2022, do 22 de decembro**

› **Decreto 172/2022, do 6 de outubro**

ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO

- Con capacidade ata 500 persoas: caixa de primeiros auxilios.
- Con capacidade entre 500 e 1.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, unha persoa formada en ASI (asistencia sanitaria inmediata) e un lugar debidamente sinalizado para prestar os primeiros auxilios e calquera outra posible atención sanitaria
- Edificios pechados permanentes non desmontables, cubertos total ou parcialmente, con capacidades iguais ou superiores a 1.000 persoas ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 metros: 1 DEA (aparello desfibrilador externo automatizado) e 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA
- Instalacións ou locais pechados desmontables ou de tempada, cubertos total ou parcialmente, con capacidade igual ou superior a 1.500 persoas: 1 DEA e 2 primeiros interventores formados en ASI e DEA

ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO DELIMITADOS

- Con capacidade inferior a 1.000 persoas: caixa de primeiros auxilios

- Con capacidade entre 1.000 e 5.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI e un lugar debidamente sinalizado para prestar os primeiros auxilios e calquera outra posible atención sanitaria
- Espazos delimitados con capacidades entre 5.000 e 10.000 persoas: 1 ambulancia clase B
- Espazos delimitados con capacidades entre 10.001¹ e 20.000 persoas: 2 ambulancias clase B
- Espazos delimitados con capacidades superior a 20.000 persoas: 2 ambulancias clase B e 1 ambulancia clase C

ACTIVIDADES EN RECINTOS OU ESPAZOS NON DELIMITADOS

- Número de participantes e asistentes previstos de até 10.000 persoas: caixa de primeiros auxilios, persoa formada en ASI e un lugar debidamente sinalizado para prestar os primeiros auxilios e calquera outra posible atención sanitaria²
- Número de participantes e asistentes previstos entre 10.000 e 20.000 persoas: 1 ambulancia clase B
- Número de participantes e asistentes previstos entre 20.001³ e 30.000 persoas: 2 ambulancias clase B
- Número de participantes e asistentes previstos superior a 30.000 persoas: 1 ambulancia clase C


1 Por interpretación do disposto polo Anexo V, apartado 2 do Decreto 172/2022, do 6 de outubro, que recolle que no caso de espazos delimitados con capacidades de entre 5.000 e 10.000 persoas debe contarse con 1 ambulancia de clase B ao tempo que se recolle a necesidade de contar con 2 ambulancias de clase B no caso de espazos delimitados con capacidades de entre 10.000 e 20.000 persoas.

2 Por interpretación analóxica do disposto no artigo 12.2 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro.

3 Por interpretación do disposto polo Anexo V, apartado 2 do Decreto 172/2022, do 6 de outubro, que recolle que no caso de espazos non delimitados con capacidades de entre 20.000 e 30.000 persoas debe contarse con 2 ambulancias de clase B ao tempo que se recolle a necesidade de contar con 1 ambulancia de clase B no caso de espazos non delimitados con capacidades de entre 10.000 e 20.000 persoas.



13. DISPOSITIVOS DE VIXILANCIA



› **Artigo 13 Decreto 226/2022, do 22 de decembro e Decreto 172/2022, do 6 de outubro**

- **Todo os espectáculos e actividades** – Persoal suficiente ou sistemas tecnolóxicos adecuados e suficientes para a identificación das emerxencias e que garanta o aviso aos servizos públicos de intervención.
- **Espectáculos e actividades con previsión de asistencia superior a 2.000 persoas** – Persoal necesario para a prevención e identificación das emerxencias e para garantir unha adecuada evacuación ordenada ou un confinamento, se for necesario.
- **Espectáculos e actividades con previsión de asistencia entre 2.000 e 5.000 persoas** – Persoal encargado de poñer en práctica as medidas de seguridade que debe estar presente durante a celebración do evento.
- **Espectáculos e actividades con previsión de asistencia superior a 5.000 persoas** – Posto de Mando Avanzado (PMA). Comunicación do espectáculo ou actividade á Axencia Galega de Emerxencias con antelación mínima dun mes.

VIXILANTES DE SEGURIDADE

- **Espectáculos en que os asistentes se atopen sentados:**
1 vixilante por cada 1.000 asistentes
- **Espectáculos en que os asistentes estean de pé:**
1 vixilante por cada 1.000 asistentes e aumentarase a ratio, como mínimo, a 2 vixilantes por cada 1.000 asistentes, a partir dos 2.000 primeiros

Non se aplica ás festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou por comisións de festas

VÍAS DE CIRCULACIÓN EN ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO

- a) Con capacidade igual ou inferior a 500 persoas = 1 vía
- b) Con capacidade entre 501 e 1.000 persoas = 2 vías
- c) Con capacidades superiores a 1.000 persoas = 4 vías

Non se aplica ás festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou por comisións de festas



14. ASEOS EN ESPAZOS ABERTOS AO PÚBLICO

› Artigo 14 Decreto 226/2022, do 22 de decembro

- a) Con capacidade igual ou inferior a 500 persoas e máis de 90 minutos de duración = 3 aseos e un deles accesible
- b) Con capacidade entre 501 e 1.000 persoas e máis de 90 minutos de duración = 4 aseos e un deles accesible
- c) Con capacidade superior a 1.001 persoas e máis de 90 minutos de duración = 1 aseo adicional por cada franxa de 500 persoas

- d) En todo caso os aseos para homes e para mulleres deberán ter unhas dimensións e estar distribuídos nunha proporción tal que o tempo de espera sexa similar
- e) En todo caso nos aseos para homes e nos aseos para mulleres debe haber cambiadores para bebés

Non se aplica ás festas e verbenas populares organizadas por agrupacións ou asociacións de veciños ou por comisións de festas



15. RÉXIME XURÍDICO DAS PERSOAS MENORES DE IDADE



› LEPARGA (artigo 16)

Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade (artigo 16)

Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas de Galicia

PROHIBICIÓNS

1) A entrada de menores en salas de festa, de baile ou discotecas, salvo que estean acompañados de persoas maiores de idade con responsabilidade sobre estes

- Unicamente poden ser considerados maiores de idade con responsabilidade sobre estes os pais ou titores legais ou os acolledores ou gardadores legais ou de feito⁴.
- Necesariamente deben estar acompañados polas ditas persoas maiores de idade con responsabilidade sobre estes. Non é válida a presentación dun documento ou autorización asinado por aquelas.
- As persoas menores de idade, neste caso, son as menores de 18 anos.

- Excepcionalmente, estes locais poderán dispoñer de sesións especiais para maiores de 14 anos, con horarios e sinalización diferenciadas, sen que poida ter continuidade ininterrompida con aquelas sesións en que se produza a venda de bebidas alcohólicas, retirándose dos locais, durante estas sesións especiais, a exhibición e publicidade deste tipo de bebidas.

2) A entrada de menores en establecementos de xogo

- Establecementos de xogo: casinos, salas de bingo, salóns de xogo e tendas de apostas.
- Os menores de idade, neste caso, son os menores de 18 anos.

3) A entrada de menores en espectáculos taurinos

- Os menores, neste caso, son os menores de 12 anos.
- Unicamente rexe a prohibición en espectáculos taurinos en recintos pechados.

⁴ Interpretación da Consellería de Sanidade.





16. DEREITO DE ADMISIÓN

› Artigo 13 da LEPARGA

› Artigo 15 Decreto 226/2022, do 22 de decembro

LÍMITES


- Discriminación por razón de raza
- Discriminación por razón de identidade de xénero
- Discriminación por razón de orientación sexual
- Discriminación por razón de relixión
- Discriminación por razón de opinión
- Discriminación por razón de discapacidade
- Discriminación por razón de calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social
- Atentado aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas das persoas usuarias

COMUNICACIÓN DO DEREITO DE ADMISIÓN

Quen pretenda establecer condicións especiais de admisión **poderá comunicar as ditas condicións de admisión** ao órgano competente para coñecer da declaración responsable ou da autorización autonómica ou licenza municipal correspondente. **A dita comunicación non supón ningún tipo de autorización nin condiciona o exercicio da actividade e realízase para os únicos efectos de facilitar as tarefas de comprobación e inspección por parte do órgano competente.**

O DEREITO DE ADMISIÓN E AS PERSOAS MENORES DE IDADE

O exercicio do dereito de admisión non pode supoñer discriminación por razón de idade, polo que os organizadores dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, e os titulares dos establecementos abertos ao público, non poden prohibir, en ningún caso, a entrada de menores, fóra dos supostos establecidos legalmente.



17. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

› Artigo 8 LEPARGA

› Artigos 8 e seguintes do Decreto 226/2022, do 22 de decembro

PERSOAS OBRIGADAS A DISPOR DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL (RC)

- ❖ Titulares de establecementos abertos ao público.
- ❖ Organizadores de espectáculos públicos e actividades recreativas:
 - Regra xeral: os organizadores de espectáculos e actividades nun establecemento que conte coa habilitación necesaria para ese tipo de espectáculo ou actividade, non precisan contratar un RC propio e será suficiente o que teña o titular do establecemento con carácter xeral.

➤ Excepcións:

- Os organizadores de espectáculos e actividades **de carácter extraordinario** deben contratar un RC con carácter independente do que xa teña o titular do establecemento.
- No suposto de eventos en espazos ao aire libre será o organizador do evento o que debe contratar o RC.
- As persoas titulares das actividades na festa ou verbena popular, como as orquestras ou as persoas titulares de instalacións portátiles ou desmontables, entre outros, deberán contratar os seus RC.



CAPITAIS MÍNIMOS ASEGURABLES


As contías do capital asegurado son as que figuran nos artigos 8 e 11 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro.

Os concellos poderán aplicar un coeficiente redutor sobre as ditas contías ata un 30% mediante informe motivado.

ACREDITACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

- 1) Exhibición da póliza na que figuren as cláusulas xerais e particulares que reflictan a cobertura e o capital asegurado, xunto co recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro ou copia deles.
- 2) Certificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros, co contido mínimo seguinte:
 - Identificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros

- Número da póliza
- Mención expresa á cobertura de responsabilidade civil e a vixencia temporal do seguro
- A identificación do espectáculo público ou da actividade ou establecemento onde se celebren
- O municipio onde se localice o establecemento ou o evento
- A data e a hora de celebración do evento
- A mención expresa ao aseguramento do establecemento ou do espazo aberto ao público ou do evento
- A contía do capital asegurado e da franquía, de ser o caso
- A data e a sinatura da persoa que expida o certificado



18. ENTRADAS E ABONOS

› Artigos 21, 22 e 29 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro

LÍMITES A LIBERDADE PARA DETERMINAR O PREZO DAS ENTRADAS OU ABONOS

Liberdade do organizador para determinar o prezo da entrada ou abono cos seguintes límites:

- Non é posible fixar prezos diferentes por razón da orixe ou lugar de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- O prezo de venda non poderá ser superior ao anunciado na publicidade, agás no caso de venda comisionada con recarga.

CONDICIÓNS DE VENDA DAS ENTRADAS E ABONOS

- Todos os asistentes ao evento serán contabilizados para efectos do cálculo da capacidade máxima, con independencia de que existan entradas ou abonos gratuítos.
- Non poderá iniciarse a venda de entradas e abonos ata que teña sido presentada a correspondente declaración responsable para o evento ou se teña solicitado a licenza ou autoriza-

ción autonómica necesaria, segundo o caso.

- O número de entradas e abonos non poderá superar nunca a capacidade máxima do establecemento ou espazo onde se celebre o evento.

CANCELACIÓNS E REEMBOLSOS

Supostos de devolución do prezo da entrada e do abono:

- Cando, antes do comezo do evento, se produza a súa cancelación, suspensión ou cambio de data.
- Cando o/a usuario/a non poida entrar e desfrutar do evento, ou cando non poida facelo en condicións de accesibilidade, igualdade e inclusión, por causas imputables á persoa organizadora.
- No caso de modificación do evento, sempre e cando afecte a identidade dos artistas principais, ou a natureza ou características principais do espectáculo ou actividade programada, agás que xa tivera comezado ou que se deba a forza maior.
- Cando o evento se suspenda de xeito sobrevido, unha vez iniciado, sempre que non se deba a forza maior ou non teña transcorrido un terzo do tempo previsto para o evento e sempre que non se tivese previsto continuar o evento na mesma data.





19. INSTALACIÓNS PORTÁTILES OU DESMONTABLES

› Artigo 3 da LEPARGA e 4 e seguintes do Decreto 226/2022, do 22 de decembro

Son aquelas estruturas móbiles provisionais e eventuais ou aqueles recintos aptos para o desenvolvemento de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxo conxunto se encontre conformado por elementos desmontables ou portátiles constituídos por módulos ou compoñentes metálicos, de madeira ou de calquera outro material que permita operacións de montaxe ou desmontaxe sen necesidade de construír ou demoler algunha obra de fábrica.

Carpas, escenarios, prazas de touros portátiles, etc

CONDICIÓNS QUE SE DEBEN CUMPRIR:

1º Cumprir as condicións de seguridade apropiadas para garantir os dereitos do público asistente e de terceiras persoas afectadas, a convivencia veciñal e a integridade dos espazos públicos. Corresponde aos concellos determinar, segundo a tipoloxía do establecemento, cales son as

medidas de seguridade específicas que se deben cumprir:

- As previsións da norma UNE-EN 13782:2016. Estructuras temporais. Carpas. Seguridade.
- As previsións da norma UNE-EN 13200-6:2013. Instalacións para espectadores. Parte relativa ás gradas temporais desmontables.

2º Cumprir as medidas previstas en materia de evacuación no Documento básico de seguridade no caso de incendio (DB-SI) e na epígrafe de accesibilidade no Documento básico de seguridade de utilización e accesibilidade (DB-SUA) naquelas instalacións portátiles ou desmontables que estean cerradas polo menos nos 2/3 do seu perímetro e naquelas outras que, tendo un perímetro acoutado menor de 2/3 e maior de 1/2, teñan unha superficie de polo menos 2.500 metros cadrados.

3º Ter un plan de autoprotección e un plan de emerxencia cando o exixa a normativa de aplicación

4º Cando as saídas estean conformadas por unha apertura na propia lona ou entoldado vertical de pechamento:

- Sinalizar as saídas.
- Dispoñer dun sistema rápido de enrolado e recollida.
- Eximir o oco do paso de calquera elemento vertical sustentante, así como de calquera tipo de soporte horizontal que supoña unha diferenza de nivel e poida consistir nunha barreira para as persoas con discapacidade. En calquera caso, os ditos pasos disporán, en todo momento de persoal que facilite a apertura e reconduza a evacuación do público.

5º No caso de que sexa aplicable o réxime de declaración responsable, presentala no concello **cunha antelación mínima de 2 días hábiles** anteriores ao inicio da súa instalación ou montaxe.

6º Concluída a instalación e antes da súa posta en funcionamento, no caso de estar sometidas ao réxime de declaración responsable, **presentar certificación de instalación ou montaxe subscrita por técnico competente ou por unha ECCOM.**

ATRACCIÓNs ITINERANTES DE FEIRA

Son aquelas atraccións propias das festas e verbenas populares que se instalen temporalmente en espazos ao aire libre, públicos ou privados.

Documentación necesaria

Una declaración responsable que deberá de acompañarse da seguinte documentación:

1º Se for o caso, a autorización, ou informe ou a declaración ambiental que proceda.

2º Un proxecto e a documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade e que debe incorporar os seguintes documentos:

- O proxecto da atracción que recolla a información necesaria para a realización das inspeccións e verificacións de montaxe e das probas de funcionamento e, como mínimo, os puntos de control, as tolerancias admisibles, as velocidades máximas, os límites de idade, a altura e o peso permitido ás persoas usuarias.
- O manual de funcionamento que incorpore instrucións comprensibles,





en galego ou en castelán, relativas á montaxe, ao funcionamento e ao mantemento. Tamén debe recoller os requirimentos de cualificación do persoal de montaxe, funcionamento e mantemento.

- O libro de operacións que identifique con claridade a atracción e conteña os datos sobre a data de adquisición, o historial das reparacións efectuadas, as modificacións e as inspeccións realizadas.

3º A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio.

4º Se for o caso, o certificado, a acta ou o informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal.

5º O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación.

6º A marcación CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o

certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.

7º Calquera outra documentación que veña exixida pola normativa aplicable.

Requisitos técnicos

Os requisitos exixidos pola normativa específica de aplicación e, en concreto, os recollidos nas seguintes normas:

- Norma UNE-EN 13814:2006. Maquinaria e estruturas para parques e feiras de atraccións. Seguridade
- Norma UNE-EN 14960:2014. Equipamentos de xogo inchables. Requisitos de seguridade e métodos de ensaio
- Norma UNE-EN 13782:2016. Estructuras temporais. Carpas. Seguridade

Comprobación e inspección das atraccións

- **Revisión da solidez e seguridade estrutural da instalación:**
 - o estado de conservación
 - a solidez e a estabilidade dos elementos colgados e decorados
 - o correcto funcionamento



- o estado dos sistemas de contención de pasaxeiros
- condicións xeométricas de rampas, varandas e focos e elementos de iluminación
- **Revisión das instalacións:**
 - revisión da instalación eléctrica
 - revisión do sistema hidráulico e pneumático
 - revisión do sistema de protección de incendios
- **Probas de funcionamento:**
 - dos sistemas de seguridade e bloqueo
 - dos sistemas de parada de emerxencia
 - dos sistemas de iluminación de emerxencia
 - do grupo electrógeno
 - das condicións de evacuación
- **Competencia do persoal das atraccións**

Debe existir un operador principal maior de idade e con coñecemento suficiente do funcionamento da atracción, sempre que esta se atope


funcionando. Non se exige titulación específica. Basta acreditar coñecementos suficientes no manexo da atracción.

- **Requisitos de acceso**

Cada atracción debe colocar, nun lugar visible, os requisitos de acceso á atracción.

- **Requisitos de imaxe e linguaxe non sexista**

- Non poderán estar rotuladas, decoradas ou conter imaxes sexistas, nin que presenten ás mulleres de forma vexatoria ou discriminatoria.
- Non poderán empregar mensaxes que conteñan unha linguaxe sexista.
- Non poderán incorporar imaxes ou unha linguaxe que contribúa a xerar violencia ou discriminación en calquera das súas manifestacións, especialmente sobre as persoas menores de idade, ou fomenta estereotipos de carácter sexista, racista, estético ou de carácter homófobo ou transfóbico ou por razóns de discapacidade.



20. REGISTRO DE EMPRESAS E ESTABLECEMENTOS



› **Artigo 11 da LEPARGA e artigos 31 e seguintes do Decreto 226/2022, do 22 de decembro**

Finalidade – Informativa e declarativa

Responsable da xestión – Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

Inscrición– A solicitude dos concellos onde se atopen localizados os establecementos ou onde se atopen domiciliadas as empresas

OBXECTO DE INSCRICIÓN

- As empresas dedicadas ao desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas que figuran no Catálogo.

- Os establecementos dedicados ao desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas que figuran no Catálogo.
- As instalacións de titularidade pública que sexan susceptibles de ser utilizadas para o desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas.

PROCEDIMENTO DE INSCRICIÓN

Os concellos deberán remitir os datos necesarios para a inscrición de todos os establecementos e empresas que figuren no seu municipio. A partir da primeira remisión, para o caso dos establecementos unicamente deberán enviar copia da licenza ou declaración responsable que proceda.





21. ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO


› Artigo 3 da LEPARGA e artigo 4 do Decreto 124/2019, do 5 de setembro

DEFINICIÓN

Aqueles que se desenvolven esporadicamente en establecementos abertos ao público legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da actividade propia do establecemento.

LÍMITES

- Non poderán superar o número de 6 ao ano.
- Non se considerarán un mesmo espectáculo as programacións ou ciclos de máis dun día de duración.
- O establecemento debe reunir as condicións técnicas, de seguridade e de illamento acústico necesarias para o desenvolvemento do espectáculo ou actividade extraordinaria.
- Debe constar no expediente un informe técnico municipal ou un certificado dunha ECCOM que acredite o cumprimento dos requisitos técnicos do establecemento para a realización do espectáculo ou actividade de carácter extraordinario.



22. ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN EN MÁIS DUN TERMO MUNICIPAL

› Decreto 98/2020, do 2 de xullo

ÁMBITO DE APLICACIÓN

- Probas deportivas, teñan ou non carácter competitivo
- Andainas
- Rutas motoristas
- Marchas ciclistas
- Eventos con vehículos clásicos
- Outras

EXCLUSIÓN

- Excursións, andainas, rutas de sendeirismo ou actividades semellantes, sempre que sexan organizadas polos centros educativos para o seu alumnado.
- As peregrinacións organizadas por entidades ou asociacións de carácter social, cultural ou relixioso para as persoas membros delas.
- As actividades de carácter deportivo, turístico ou cultural, organizadas por entidades ou colectivos con carácter exclusivo para as persoas membros delas e con menos de 50 participantes.

ÓRGANOS COMPETENTES

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior cando se trate de eventos que se desenvolvan en máis dunha provincia da comunidade autónoma.
- A Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cando se trate de eventos que se desenvolven en máis dun municipio do ámbito territorial da correspondente provincia.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DE EVENTOS DE CARÁCTER NON COMPETITIVO

- Solicitud normalizada PR477A presentada cunha antelación de 30 días hábiles da data prevista para a súa celebración
- Memoria con seguinte contido:
 - Planos do percorrido
 - Relación de municipios polos que discorre a proba
 - Relación de vías afectadas



- Descrición do evento
- O horario de inicio e finalización
- Indicación da existencia ou non de instalacións portátiles ou desmontables
- Cartel ou programa
- Título habilitante para as instalacións portátiles ou desmontables (licenza ou declaración responsable presentada no correspondente concello)
- Acreditación de ter subscrito e vixente o seguro de responsabilidade civil coas contías especificadas no Decreto 226/2022, do 22 de decembro
- Xustificante do pagamento da taxa administrativa correspondente (código 30.40.01)
- Relación de persoal encargado da vixilancia da proba cando se prevean concentracións de máis de 100 persoas, agás que no caso de que os concellos polos que discorre a proba acrediten a disposición dos efectivos de Protección Civil ou da Policía Local necesarios para tal fin.
- Acreditación da dispoñibilidade dos terreos
- Declaración responsable do cumprimento das medidas en materia de seguridade
- Plan de autoprotección nos supostos en que sexa necesario consonte o Decreto 172/2022, do 6 de outubro
- A acreditación do cumprimento do disposto na Instrución 2/2018, do 26 de marzo, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión, nos casos en que sexa procedente
- Os informes dos concellos en que se desenvolva a proba acerca da súa viabilidade
- O informe da Xefatura Territorial de Tráfico nos supostos en que proceda
- A declaración responsable da acreditación dos seguintes servizos sanitarios dispoñibles que dependerán da capacidade do establecemento ou espazo ou previsión de asistencia ao evento (por aplicación do Decreto 226/2022, do 22 de decembro)

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A TRAMITACIÓN DE EVENTOS DE CARÁCTER COMPETITIVO

- Solicitud normalizada PR477A presentada cunha antelación de 30 días hábiles da data prevista para a súa celebración e acompañada de toda a documentación requirida par os eventos de carácter non competitivo e adicionalmente da seguinte:
- A póliza de seguro de accidentes que teña como mínimo as coberturas do seguro obrigatorio deportivo.
- A declaración responsable da acreditación dos servizos sanitarios dispoñibles:
 - 1 ambulancia e 1 médico en todas as probas
 - En probas de máis de 750 participantes, 2 médicos e 2 ambulancias e deberá engadirse, 1 ambulancia e 1 médico máis por cada fracción suplementaria de 1.000 participantes



21. ANEXO I: TIPOLOXÍAS DO CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS DE GALICIA E RÉXIME DE HORARIOS

I. ESPECTÁCULOS PÚBLICOS

- I.1. Espectáculos cinematográficos - 2.00 horas
- I.2. Espectáculos teatrais e musicais - 4.00 horas
- I.3. Espectáculos taurinos -22.00 horas
- I.4. Espectáculos circenses - 1.00 horas
- I.5. Espectáculos deportivos - 2.00 horas
- I.6. Espectáculos feirais e de exhibición - 1.00 horas
- I.7. Espectáculos pirotécnicos - 1.00 horas

II. ACTIVIDADES RECREATIVAS

- II.1. Actividades culturais e sociais - 3.00 horas
- II.2. Actividades deportivas - 2.00 horas
- II.3. Actividades de ocio e entretemento - 2.00 horas
- II.4. Atraccións recreativas - 2.00 horas
- II.5. Festas e verbenas populares - 4.00 horas
- II.6. Xogos de sorte, envite ou azar - 4.00 horas
- II.7. Actividades de restauración - 3.30 horas
- II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas -00.00 horas

III. ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO

- III.1. Establecementos de espectáculos públicos
 - III.1.1. Cines - 2.00 horas
 - III.1.2. Teatros - 2.00 horas
 - III.1.3. Auditorios - 2.00 horas
 - III.1.4. Circos - 1.00 horas
 - III.1.5. Prazas de touros -22.00 horas
 - III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos - 2.00 horas
 - III.1.7. Recintos feirais - 1.00 horas



III.2. Establecimientos de actividades recreativas

III.2.1. Establecimientos de xogo

III.2.1.1. Casinos - 4.00 horas

III.2.1.2. Bingos - 4.00 horas

III.2.1.3. Salóns de xogo - 2.30 horas

III.2.1.4. Tendas de apostas - 2.30 horas

III.2.2. Establecimientos para actividades deportivas

III.2.2.1. Estadios deportivos: - 2.00 horas

III.2.2.2. Pavillóns deportivos: - 2.00 horas

III.2.2.3. Recintos deportivos: - 2.00 horas

III.2.2.4. Pistas de patinaxe: - 2.00 horas

III.2.2.5. Ximnasios: - 2.00 horas

III.2.2.6. Piscinas de competición: - 2.00 horas

III.2.2.7. Piscinas recreativas de uso colectivo: - 2.00 horas

III.2.3. Establecimientos para atraccións e xogos recreativos

III.2.3.1. Parques de atraccións e temáticos: - 2.00 horas

III.2.3.2. Parques acuáticos: - 2.00 horas

III.2.3.3. Salóns recreativos: -00.00 horas

III.2.3.4. Parques multiocio: -00.00 horas

III.2.4. Establecimientos para actividades culturais e sociais

III.2.4.1. Museos: -00.00 horas

III.2.4.2. Bibliotecas: - 4.00 horas

III.2.4.3. Salas de conferencias: - 1.00 horas

III.2.4.4. Salas polivalentes: - 2.00 horas

III.2.4.5. Salas de concertos: - 4.30 horas

III.2.5. Establecimientos de restauración

III.2.5.1. Restaurantes: - 2.00 horas

III.2.5.1.1. Salóns de banquetes: - 3.30 horas

III.2.5.2. Cafeterías: - 2.30 horas

III.2.5.3. Bares: - 2.30 horas

III.2.6. Establecimientos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas - 00.00 horas



- III.2.7. Establecimientos de ocio e entretemento
 - III.2.7.1. Salas de festas: - 6.00 horas
 - III.2.7.2. Discotecas: - 6.00 horas
 - III.2.7.3. Pubs: - 4.00 horas
 - III.2.7.4. Cafés-espectáculo: - 4.30 horas
 - III.2.7.5. Furanchos: - 2.00 horas
- III.2.8. Centros de ocio infantil 22.00 horas





XUNTA
DE GALICIA